

ALBORADA


Colexio Alborada
Cooperativa Clavio

2007-2008



Coidando a Terra

Ante vós un novo número, o oitavo!, da revista do colexio Alborada.
Un resumo de todo o que se coce nun ano académico dentro e fóra das aulas.

E cócese moito!!

Os rapaces e as rapazas, toda a comunidade educativa en xeral, colabora intensamente para que esta gran cociña que é o noso colexio funcione. Sen colorantes, sen conservantes, sen aditivos... todo ao natural. Hai quizais algo máis natural que as palabras e as expresións sinceras dos nenos e das nenas? Pensamos que non. Eles son a materia prima, os ingredientes sen os cales a vida non tería sentido.

Presentámosvos o menú.

De primeiro temos sopas de paz adornadas con pombas; mariscos da Ría acompañados con algas; crema de cabaza de Halloween que está de medo; potaxe de dúas fabas; volován e voloveñen polo mundo adiante; empanadas mentais con múltiples anécdotas e varios revoltos deportivos.

De segundo caldeirada científica aderezada con estomas preparada no laboratorio; sardiñas non de lata senón no Vitrasa; e pichonciños e pichonciñas “orleados”.

De sobremesa, cabeliño de anxo de 3, 4 e 5 anos; castaña pilonga asada na ola; pastel de estreliñas de Nadal no Belén, unha exquisitez!; e mazapán de terceiro con can.


Todo este delicioso menú non sería posible sen a pericia culinaria dos mestres cociñeiros que moven as tixolas e poñen o mellor de si para que as nosas materias primas se transformen. A calor poñémola desde a casa e desde a ANPA. Aquí guisamos todos.

Esperamos que a degustación sexa do voso agrado. **Bo proveito!!**



Alborada 07/08

DE COMO A PALABRA QUIXO SER E NON PODIA



mentres a paz sexa a fin e non o comezo
mentres o medo se combata co medo
mentres a lei sexa norma e non principio
mentres a soidade sexan miles de adxectivos
mentres só aos de sempre lles chegue a agua ao pescozo
mentres a liberdade sexa unha palabra das enciclopedias
mentres a intelixencia se escriba con minúsculas
mentres os fusís nos teñan a todos como branco
mentres a sociedade sexa a sucidade
mentres a orde se manteña a culatazos
mentres a xustiza estea de vacacións
mentres todos esteamos en liberdade provisional
mentres se diga exército e non exercito
mentres a igualdade sexa un signo matemático
non me digades que a palabra serve para algo.

Queremos a

PAZ

PAZ

Os alumnos e as alumnas de E.I. fixeron pombas xigantes coas que decoraron o seu edificio e falaron sobre as razas do mundo. En 1º e 2º E.P. realizáronse moitas actividades manuais como pombas, brazaletes cos símbolos da Paz e murais con mensaxes sobre a Paz no planeta que se expuxeron nos taboleiros dos corredores. En 3º e 4º EP. recolleron frases literarias sobre a Paz e fixeron un mural con elas e tamén elaboraron unha gran pomba coas marcas das mans. En 5º e 6º EP realizaron "O alfabeto da Paz" relacionando cada letra cunha verba ou concepto da Paz e a guerra.

Os alumnos e as alumnas de ESO convertéronse en homes e mulleres anuncio e paseáronse polo patio mentres se lía a "Carta da Paz" dirixida á ONU para que todos os membros do Colexio leran os escritos e reflexionaran sobre os prexuízos da guerra.



"Sería marabílloso se os seres humanos se respectaran a si mesmos, se se respectaran uns a outros e á natureza. Sería marabílloso se non houbera guerras, se non houbera fame, sufrimento nin ignorancia. Sería marabílloso se os seres humanos coñeceran e amaran a paz." Prem Rawat

☀ NADAEL



**No Belén Vivente non faltou de nada; había reis magos,
portal de belén,**



Ata se animaron a vir



**moitas estrelas
e sobre todo
moísimos ANXOS!!!!**

unha tropa de Santa Claus.



“O medio ambiente chámase así porque xa extraviamos o outro medio?”



"Ya somos mayores.."

Comenzamos en el
"Colegio Alborada"
siendo los mas peques
pero ha llegado la hora
de dejar nuestro sitio a
los "nuevos".....

3 años

Soy Iria

Soy Iris

Soy Pablo

Soy Saray

Soy Yoel

Soy Vega

Soy Andrea

Soy Alberto

Soy Jaime

Soy Nicolás

Soy Lucía

Soy Luz

Soy Diego

Soy Guillermo

Soy Carmen

Soy Raúl

Soy Eva

Soy Nicolás

Soy Lucía

Soy Elsa

Soy David

Soy Noelia

Soy Xoel


Soy Mara

Soy Olalla

¡Volveremos en
septiembre!!
Disfrutad..

Niñ@s
3 años

Os meninos de



4 anos


5
ANOS





VISITA A VITRASA 1º e 2º E.P.

Unhas monitoras ensináronnos todo. Ensináronnos os autobuses como eran antes. Primeiro eran brancos, despois azuis, vermellos e agora son verdes. Dixéronnos que despois de levar a todas as persoas hai que lavalos e botarlles gasóleo. Cando marchabamos déronnos un libriño e un oso con pinturas.



Sabías que un auto consome nunha hora o mesmo osíxeno que consomen 800 persoas nun día ? Prefire sempre o Transporte Público.

Todos os anos os cursos de 1º, 3º, 5º e 6º E.P. reciben a visita dun grupo de policía municipais que lles reparten material e realizan uns obradoiros de información moi entretidos sobre este tema. Estes coñecementos refórzanse en 4º e 6º E.P. cos obradoiros da RACC “Educación para a mobilidade”. Preténdese ensinar aos futuros condutores que paciencia, solidariedade ou amabilidade poden aforrarnos moitos desgustos. 6º de E.P. ten a sorte de poñer en práctica o aprendido no circuíto de educación viaria do Castro, montando en bici!!



“Yo escogí la que más me gustaba.
En el circuito había semáforos y señales.
Al acabar el turno nos tocaba la charla.
Nos habló de las señales y de las reglas de conducir. También nos dijo que con bicicleta se debe ir por carretera pero a estas edades es preferible ir por la acera”.

Daniel Amigo 6º EP



“Fue bastante divertido con los semáforos, las líneas continuas, las discontinuas, los ceda el paso y un policía municipal quitando puntos a los que hacen algo mal”.

Gabriel Pardo. 6º EP

“Yo por lo menos me lo pasé muy bien y los policías eran muy simpáticos”.

Rocío Quintana. 6ºEP.

“Cuando hay una señal que pone STOP hay que parar”.

Raquel Amoedo 1º EP

“ Cuando el semáforo está en rojo no se puede cruzar, pero cuando está en verde, sí.”

Aarón Alfaro 1º EP.

“Hay que ver para los lados, por si viene un coche, al cruzar el paso de cebra”.

Gonzalo Fdez. 1º EP.

“Cuando queremos ir en bici tenemos que ir a un sitio donde hay carril bici”.

Marcos Otero. 1º EP



As aprendizaxes que aínda agora recordan son:

Respecto polos sinais de tráfico
Non se deben infrinxir as normas (e acusan ós adultos de facelo)
Atravesar a rúa polo paso de peóns
Camiñar pola beirarrúa
Non atravesar por detrás dos autobuses
Ir ben sentados nos autobuses escolares
Os nenos pequenos deben ir sentados na cadeira de seguridade...
Para eles está mal incumprir unha norma,
pero aínda non comprenden o grao de perigo que implica.

“Cruzo cuando el semáforo está en verde. Lo sé porque me lo dice mamá y porque oigo ”ruído” . Lucía. 1º EP.

A FIGURIÑA DE MAZAPÁN

Había unha vez unha parella de avós que vivían sós na súa casa nunha aldea tranquila.

Un día, mentres amasaban a figuriña de mazapán puxéronlle de ollos dúas uvas pasas; para o nariz, unha améndoa, e na boca un sorriso de marmeladas e moras. Pero cando abriron o forno o homiño saíu correndo e berrando : “Correrei sen parar para que non me poidan papar”. Polo camiño atopou unha vaca .

-Agarda, homiño!- díxolle a vaca pensando no rico que estaría.

-Correrei sen parar para que non me poidan papar! contestou sen parar de fuxir .

Seguiu correndo e atopou un boi.

-Onde vas? -díxolle o boi.

-Correrei sen parar para que non me poidan papar.

Despois encontrou un can que lle dixo:

-Onde vas?

-Non sei, escapei dun forno porque me ían comer.

-Se queres pódote levar á miña casa, pero teremos que estar en silencio.

-Vale, pero tesme que prometer que non me comerás.

Pola mañá a dona do can foi botarlle a comida e viu que estaba a figuriña e empezou a berrar:

-Aaaah, socorro!

E de súpeto o can e a figuriña espertaron e saíron correndo.


Despois de camiñar tanto encontraron outra figuriña

e uniuse a eles pero o can perdeuse porque estaban no bosque e as figuriñas quedaron soas. Chegaron a unha casa pero a casa non era unha casa calquera. Era vella e antiga.

Empezou a chover e quedaron a vivir alí.

Despois duns días casaron e tiveron un fillo.

Este conto tan doce foi creado polos nenos de 3º de EP para todos vós.



Cuarto explícanos como facer unha plantación:

Que necesitamos?

Primeiro levamos á clase as fabas e as lentellas.

Metémolas nun recipiente de iogur cun pouco de algodón mollado.

Foron agromando co paso do tempo.

Cando estiveron listas, transplantámolas a un tarro con terra....

Foron medrando pouco a pouco, máis e máis.

Tivémolas que regar un día á semana.

Puxémolas ao sol para que medraran mellor.

E saíronlles flores; despois das flores saíron os feixóns que dentro tiñan fabas. Eran tan chulas, que fomos por todos os cursos de primaria a ensinárllelas.

Regándolas e dándolles o sol conseguimos


que deran flores **tres veces...** e dous froitos.



Fixeron uns monicreques cuns calcetíns e representaron a obra a todos os compañeiros de primaria



Só despois de que a última árbore sexa cortada, só despois de que último río sexa envelenado, só despois de que o último peixe sexa pescado. Só entón saberás que o diñeiro non se pode comer.




A COMER!!!!



Gústanos tanto facer comidiñas, e papar, que ata tivemos unha convención de afamados cociñeiros no patio do colexio.



Xa desde cativos aprendemos o nome das froitas, a mondalas, as súas texturas, olores e sabores. Mirade que rica a macedonia que fixemos!



Unha antiga alumna do colexio mediu e pesou a todos os alumnos e alumnas de E. P. para facer un traballo de investigación sobre a obesidade infantil. Contaranos o que descubra o ano que vén pero, para empezar, os alumnos e as alumnas de 5º xa están a estudar o que é máis beneficioso comer para estar en forma.

Fixeron unha pirámide alimentaria.



Os nenos e nenas de cuarto de primaria prepararon unhas estupendas filloas coa axuda da súa profesora Isabel. Só houbo un problema!!! Coméronas todas eles!!!

O noso planeta produce alimentos suficientes para toda a poboación mundial. Non obstante, millóns de persoas diariamente non teñen comida para satisfacer as súas necesidades. Outros millóns de persoas comen moito máis do que realmente necesitan e milleiros de toneladas de alimentos desperdicianse a cotío.



● MAGOSTO ●



Para celebrar o magosto algúns nenos recolleron castañas no monte e outros mercáronas. No cole metémolas nunha ola e os profes asáronas. Todos estabamos impacientes polo cheiro que saía de alí dentro.

Estas son as castañas antes de papalas. 4º de EP.



HALLOWEEN

Trick or treat?"



Uuuuuuuuh!!!

31st October....It's Halloween Day!

Black cats, bad witches, skeletons, bats...

CANDIES and PUMPKINS!!


Halloween

A última semana do mes de outubro dedicámola a adornar o corredor con moitas cabazas divertidas, cheas de luces e colorido que dan medo!!!

Traballamos o vocabulario e expresións típicas desta festa tradicional do mundo anglosaxón; bailamos cancións; contamos historias de medo á luz das cabazas... E tamén participamos nun concurso de debuxo en un obradoiro de maquillaxe.

CALIGRAMAS

Un caligrama é un poema visual no que as palabras “debuxan” ou conforman un personaxe, un animal, unha paisaxe ou calquera obxecto imaxinable.



Debemos ao poeta vangardista Guillaume Apollinaire a moda da creación deste tipo de poemas visuais no século XX. Para crear un caligrama haberá que partir dunha idea : unha palabra, unha expresión , un obxecto que haberá que transformar primeiro en imaxe e logo en poesía.
O alumnado fixo un obradoiro de caligramas, os resultados son fantásticos.
Aquí temos algunhas mostras.

Samuel Martínez Alonso



“Un investigador que trabaja en Tokio nos vino a dar una charla sobre cómo transportan los elefantes las semillas de las plantas. Nos explicó que los elefantes comen plantas y, después, cuando “cagan” un 10% de las semillas de las plantas se desarrollan y crecen. Nos contó que comen plantas de gran tamaño y que son muy pocos los animales que pueden transportar estas semillas tan grandes y que, además, las transportan a una gran distancia. Por eso son animales muy importantes. Me gustó mucho la charla: se hizo muy divertida y como nos hablaba de cosas que conocíamos fue mucho mejor.



La manera de enfocarlo estuvo muy bien ya que nos explicó donde trabaja, nos trajo fotos y nos ayudó a hacernos una idea de lo difícil que es investigar y la gran cantidad de gente que trabaja en una investigación”
.ANA ALONSO 1º ESO

O deporte que causa furor no colexio O DIÁBOLO!!

O diábolo é un xogo de malabaristas, xentes do circo e pallasos. O xogo consiste en facer xirar este obxecto sobre si mesmo impulsándoo cunha corda amarrada a dous bastóns. Unha gran cantidade de trucos son posibles usando os paus, a corda e varias partes do corpo. Tamén se pode xogar con múltiples diábolos nunca soa corda. As aceleracións máis populares son: Aceleración Clásica, Aceleración Lateral, Aceleración Chinesa e Aceleración Circular. Un xogo ben complicado!!!



*Os xogos tradicionais son ecolóxicos; nin pilas nin electricidade,
tan só se require habilidade.*



A profesora Beatriz López e o profesor Alfonso Amoedo orientaron a dúas alumnas de 6º E.P., Indra Vidal e Lucía Gil, e a outra de 5º E.P., Laura López, na tarefa de elaborar un algario que reuniese as algas máis comúns da Ría de Vigo. Esta experiencia científica participou no concurso “Galicia e as Ciencias do Mar” e quedou seleccionada para pasar á segunda fase como un dos catro mellores de E.P. Gañaron un MP3 e unha bata branca de laboratorio. O sábado 31 de maio foron a Ferrol expoñer o seu traballo ante todos os participantes do concurso. Aos nenos e nenas gustoulles moitísimo e quedaron segundas por tan só un punto de diferenza.




Noraboa!!!



Os alumnos e as alumnas de 5º E.P. realizaron un estudo científico sobre a fauna e a flora das Illas Cíes que enviaron á organización do concurso "MERGULLANDO NAS ILLAS CÍES". Foron invitados a pasar alí un día enteiro recorrendo a illa e coñecendo en directo o hábitat de todas as especies das que falaran no seu traballo. Tamén tiveron un tempinho para gozar na praia. Foi un esforzo moi ben recompensado!

*Non importa onde esteas, todos vivimos nunha illa que non podemos abandonar:
o noso fogar ao que chamamos Terra.*



CONFERENCIAS 1º e 2º ESO

O alumnado de ESO prepara todos os anos unha miniconferencia sobre un tema que lles gusta e expónna na clase para todos os seus compañeiros e compañeiras. Cada ano sobe o nivel e son máis interesantes, tanto que se merecen unhas páxinas na revista do cole. Fixádevos que equipados nos veñen!



"Paula se trajo los esquís e hizo una puesta en escena muy buena".



"Aprendí que cuando montas a caballo duele mucho el culo".



"Nos enseñó a qué jugaban nuestros padres y me recordó que tenemos demasiado y no lo sabemos hasta que lo perdemos".

"He aprendido para qué sirve cada una de las caras de una raqueta de ping-pong".



"Apesé la clase con el carburante que enciende la llama del casco de espeleólogo".

"Descubrimos que Simpson significa hijo de un simplón".



"La preparó bien y el gorrito le quedaba simpático".



"He aprendido que el skate nació en una tienda de surf".
"He visto las consecuencias de ser skater".



"La Wii! A mí me hubiera gustado jugar un poquito".



"Fue una conferencia con un toque divertido ¡con azafato y todo!".



"Hemos aprendido que hay muchas y divertidas figuras en el patinaje artístico".



"Tema estrella: Cristiano Ronaldo. ¡Más guapo, no nace!".



"No sabía que llevaban tanta ropa encima, ¡qué calor!".



"¡La de madera que se gasta en baquetas!".



"Aprendí que cada día hay que cambiarse la punta de pie para que no se deforme".



"Parece sencillo tocar la guitarra". "Hay un aparato plegable que sirve para apoyar el pie y poner la guitarra sobre la rodilla".



Otras conferencias trataron sobre Einstein, as zapatillas de fútbol, o balomán, o autismo, as festas xitanas...

Todas interesantísimas.

5º e 6º na granxa escola



"O primeiro que lle vou contar á miña familia é que montei a cabalo".
Amaranta López



"Fíxen un tecido con fíos de lu, follas, papel..."
Ainhoa Iglesias



"Eu volvería para ver cómo evolucionan os porcos e os cordeiriños nados".
Iñidera Vidal



"Gustoume moito ir ao regato coller pintegans, tritóns, ras..."
Lara Iglesias



"O primeiro que lle vou contar á miña familia é que rapamos unha ovella e que techin".
Xandru Vázquez

"Presentei o parto dunha ovella. Foi precioso".
Laura López



"A ovella chamábase Amparito cando a chamabas vña".
Luís Crespo



Eu só lavar e marcar.

Que ia ser dunha granxa sen capataz??



Contando ovelas?



"Gustoume ir á horta plantar leitugas e regar a terra".
Lara Pazos



6º EP entrevista a Antía García y Sergio Bastos
(4º ESO)

¿Quiénes formabais el grupo?

S: _Somos tres: Antía, Andrea de la Fuente y yo.

¿Os gusta la ciencia, la investigación?

S: _Sí.

A: _A mí también.

¿Por qué decidisteis hacer este trabajo?

S: _Desde principios de curso, Alberto nos propuso seis trabajos de investigación.

A: _Éramos seis alumnos voluntarios y elaboramos dos proyectos que expusimos en GALICIENCIA “MAGMA RECERTA” en Ourense. Allí seleccionaron nuestro proyecto para participar en la exposición internacional de Barcelona.

¿Cuánto tiempo le dedicasteis?

S: _¡Meses! Muchos días por las tardes.

A: _Dos o tres a lo sumo.

¿Qué materiales utilizasteis?

S: _Recolectamos plantas, utilizamos los microscopios del laboratorio, bisturíes, ...

A: _y tijeras... Lo que necesitábamos para sacar la epidermis de las hojas de las plantas.

¿En qué consiste el proyecto?

S: _En demostrar en qué parte de la planta hay más estomas, en el envés o en el anverso de la hoja...

A: _Dependiendo del tipo de planta, las células tienen distinta forma, distinta cantidad...

¿Tiene alguna utilidad?

A: _Sí, para abrir otros campos de investigación.

¿Había mucha competencia?

S: _ Mucha. Había proyectos muy buenos sobre paleontología, sobre el agua; energías renovables sobre todo.

A: _ Y había muchas empresas interesadas.

¿Qué consejos darías al que quiera hacer lo mismo?

S: _Que se animen

A: _Que aprendes mucho y descubres cosas muy bonitas. Si vas por la rama de ciencias te abre muchas puertas.

Habéis participado en una exposición internacional.

¿Os sentís orgullosos del trabajo que hicisteis?

S: _Sí, fue emocionante.

A: _Sí, conocí Barcelona y gente nueva, convivimos con nuestros compañeros, ¡nos lo pasamos genial!



Exposición en Ourense




Exposición en Barcelona



CIENCIAS

O alumnado de ESO realizou diversos proxectos tecnolóxicos que despois estiveron expostos na Semana Cultural.



PORT



Os alumnos e as alumnas de 6º E.P. non teñen clase de Tecnoloxía pero deféndense moi ben cos cables, as pilas e a imaxinación!

A NOSA CIDADE VIGO por dentro

Os rapaces e rapazas de ESO deseñaron uns trípticos da súa cidade.

Gastronomía:

A gastronomía viguesa ao igual cá galega é unha das máis ricas e variadas do mundo. O prestixio dos nosos pratos radica sobre todo na calidade da materia prima e na súa elaboración. Mariscos, peixes, carnes, vexetais acompañados de viños e queixos son a base para a elaboración de pratos variados e saborosos.



Polbo á feira

Cultura:

• Museos:

-Museo-Pazo Quiñones de León:

Dispón de 29 salas de exposicións, biblioteca, guía do museo e diversas publicacións sobre temas arqueolóxicos, e podes gozar dos seus xardíns en contacto coa natureza.

-Museo de arte contemporánea(MARCO):

Este centro de arte, basa a súa identidade no dinamismo da súa programación e no seu espírito participativo.

-Museo Verbum:

Este museo é un espazo de entretenemento que permite experimentar e coñecer todo o relacionado coas linguaxes, as palabras, as letras, etc.

-Centro Cultural Caixanova:

Conta con:

- Sala de exposicións
- Biblioteca
- Auditorio-Cine
- Salas de seminarios
- Teatro-Sala de concertos

-Centro Cultural Caixa Galicia:

A Obra Social de Caixa Galicia ten o obxectivo de mellorar a calidade de vida da poboación, fomentando a participación, o voluntariado, o asociacionismo e achegando as novas tecnoloxías ao conxunto da sociedade.

• Edificios históricos:

- Edificio Círculo Mercantil, na rúa Príncipe.
- Salgueiro García Barbón, na rúa García Barbón.
- Edificio Banco de Vigo, na rúa García Barbón.

• Monumentos e esculturas:

- O Nadador, na Avda. Montero Ríos
- O Rapto de Europa, na rotonda de Samil
- O Sere, na Porta do Sol
- Os Ccabalos, na praza de España
- A Porta do Atlántico, na Praza América
- Monumento a Xulio Verne, na Avda. Montero Ríos



Os cabalos

Natureza:

-Natureza en xeral:

A cidade de Vigo está en pleno contacto coa natureza. Coroada polo Monte do Castro, o Monte da Guía, e bañada pola Ría de Vigo; a cidade ofrécelle ao viaxeiro a posibilidade de estar en síntese co medio natural. Os seus múltiples xardíns nos que realizar rutas de sendeirismo, converten a cidade nun paraíso verde. Destaca a presenza de Vigozoo, o único zoo da comunidade galega, que conta con múltiples especies animais pertencentes a tódolos continentes do mundo.

-Illas Cíes:

Esta reserva natural é un paraíso tanto para as aves que anían nos seus cantís como para as diversas especies que alí se atopan; pero o visitante tamén pode gozar dos seus belos contornos naturais, das súas praias, etc. O arquipélago está formado por tres illas: Illa de Monte Agudo, Illa do Faro, e Illa de San Martiño.

-Praias:

Vigo conta con gran variedade de praias ao longo da súa costa. A cidade dispón de 45 areas, como Samil e O Vao. Os distintos areas ofrecen a posibilidade de gozar coa práctica de deportes náuticos.

-Outros:

O porto de Vigo é un dos portos pesqueiros máis importantes de Europa e do mundo, tanto en pesca fresca como en conxelada.

A nosa compañeira Pascale, camareira do cátering "O Canario", despídese de nós invitándonos a coñecer a súa cidade. Boa sorte, Pascale! Botarémoste de menos!

La France est mon pays, vous connaissez tous Paris, la tour Eiffel et les Champs-Élysée.

La Franche-Comté est ma région, vous ne savez peut-être pas que la première voiture Peugeot sort de l'usine du même nom, qui se trouve à Sochaux.

Belfort est ma ville, on y trouve son château et ses fortifications de Vauban et le redoutable lion du sculpteur Frédéric Bartholdi. Je vous y attends pour déguster une bonne saucisse fumée de Montbéliard, une tartine de cancoillotte et une tarte aux myrtilles.



Un ano máis, e coma sempre coa mesma ilusión, queremos dar as grazas a todos os socios e a aquelas persoas que colaboran con nós, pois sen eles non sería posible levar a cabo moitas das actividades que organiza a ANPA.

É importante que os socios e as socias colaboren coas cotas porque é o único medio polo cal a ANPA pode facer fronte a todas as actividades que organiza durante o curso. Se non fose polas cotas seríanos imposible realizalas. Aínda que o pagamento dunha cota non sexa moito individualmente, en conxunto permite lograr os nosos obxectivos. Se os pais e as nais non somos participativos non podemos pedirles aos nosos fillos e fillas que sexan persoas implicadas nunha sociedade onde poderán e deberán expresarse, participar e corresponsabilizarse do seu propio futuro.

Quizais o máis representativo das actividades que leva a cabo a ANPA sexa a Semana Cultural, na que traballamos a fondo para poder contratar e organizar os actos que se farán algúns dos días desa semana.

Colaboramos nas seguintes:

“Xoga limpo”. Aula de Educación e deportes para 1º, 2º, 3º e 4º E.P.

Visita á planta de reciclaxe LIRSA no Porriño para 5º y 6º E.P.

Obra de teatro do grupo Imaxinaria de Vigo para 1º, 2º, 3º de E.P.

Aula de historia “A Segunda Guerra Mundial” para 4º ESO.

Visita á Aula Arqueolóxica de Saiáns para 1º ESO.

Visita ao Parlamento de Galicia para 2º ESO.

Rota de sendeirismo para 1º, 2º, 3º e 4º ESO.

Visita a CRTVG para 3º ESO.

Obradoiro de panadería para E.I.

Visita a Faro de Vigo para 4º E.P.

Maquillaxe, inchables e mago para E.I.

Rota de sendeirismo para 1º, 2º, 3º e 4º ESO.

Visita a Vigozoo para E.I.



*A terra non é o feudo de ningunha xeración;
é un arrendamento aos homes de por vida.*

Lo que más me gustó sin duda fue el Big Ben porque cuando lo vi pensé, “¡Dios, qué cosa tan chula!”.
Marta Carrón

Lo mejor para mí, sin duda, fue hacer reír a uno de esos policías que siempre están muy serios y que tienen un gorro negro muy alto. Pero de la misma forma que hay recuerdos buenos, hay recuerdos malos como la comida. Si algún día vuelvo a Londres, tengo claro que mi abuela se viene conmigo. Candela Crespo



Me gustó mucho los sitios que visitamos, como el Museo de Historia Natural o el LondonEye. Pero también hubo cosas desagradables, entre ellas,... el de tener unos “majos” guardias cerrándonos las puertas de Harrods, el “supercentrocomercial” número uno del mundo. Adrián Dalmeida

Fueron muchas risas. Incluso discutí con el conductor del autobús, él decía que era mejor Hamilton y yo decía que Alonso. Marcos Arjones

Sucedieron muchas cosas: mucha comida basura, mucho patear, muchos míticos sitios de las postales, mucho guiri (¡cómo no!), mucho no guiri, mucha prisa en las calles, mucho (muchísimo) su... muchos autobuses y cabinas rojas. Marcos Fernández



Lo que más me gustó y me llamó la atención es que hay gente diferente, de otras razas, chinos, árabes, negros, blancos y todos juntos sin problemas.

Allí la gente, cuando puede, se va de fiesta en limusina y son felices.
Sabela Quintana

Lo único que echaba de menos de España era la comida. ¡No había cola-cao! Un detalle que me gustó mucho fue la mezcla y la variedad de gente que hay, todos son diferentes y no es como en Vigo.

Allí puedes andar por la calle en pijama y con un gorro de natación que nadie te señala con el dedo.
Alejandra Soto-Alján

Echo de menos los grandes vasos de chocolate caliente, las calles, iba reparando en todo mínimo detalle de cada travesía, los coches, la impresión que llevé cuando en la residencia vi a una mujer en chancas mientras que, en su contra, yo estaba tapada pensando que estaba en el polo norte... Lucía Aragunde

But the best was the mouse in Sara and Paula's room.
Sara saw a mouse and shouted...
Ana Alonso

Todos decíamos que en Londres no había perros porque no veíamos ninguno. La primera noche en Londres fuimos a pasear por el centro y por fin encontramos un perro!!!
Laura Rodríguez

Para mí ir a Londres fue como una puerta a lo desconocido. Al principio tenía miedo, nunca había ido en avión ni salido del país (sólo a Portugal) Míriam Ibáñez

Os rapaces e rapazas de ESO
foron de viaxe a Londres!!

A XOGAR!!!



**Varias xeracións
loitando
con espírito deportivo.**




Benxamín



Alevíns

Esta páxina está dedicada aos pais e exalumnos que adestras aos nosos xogadores e xogadoras.



Cadetes



Alevín mixto



Benxamín vermello



Benxamín azul



No torneo de Nadal



Prebenxamíns



Infantil Feminino



As nais improvisaron un partido de balonmán e xogaron coas cadetes.

Case, case gañan, só por uns puntos de diferenza.



O III torneo de fútbol sala entre os equipos formados por pais, alumnos exalumnos e profesores, máis de setenta xogadores, foi todo un éxito.





XIV Cross Escolar Castro-San Miguel
Máis de 45 nenos e nenas do colexio participaron no cros escolar que se desenvolve todos os anos na nosa cidade. Mesmo algún pai e UNHA NAI animouse este ano a participar.



Tivemos un gañador e recibimos moitas medallas!!!

Anekdótico de 4º de ESO

En tres años iba corriendo por el pasillo de infantil mirando hacia atrás y cuando me di la vuelta me choqué contra una columna.

Me abrió la ceja y del golpe caí hacia atrás y perdí el conocimiento. Cuando desperté en la ambulancia pregunté: ¿Rompi la columna?

Aleazar Caride

Tengo demasiadas anécdotas dentro de este colegio. Son trece años juntos y hay cosas que no se olvidan. Pero sin duda lo que más recuerdo me trae a la cabeza son los recreos. Siempre antes de irme a clase le cogía el pinalabios a mi madre. Cuando llegaba al recreo siempre nos pintábamos los labios y persiguiamos a los chicos para darles un beso y dejarles la marca. Todos escapaban, pero siempre se dejaban pillar. Se notaba que les hacía ilusión tener un beso pintado en la cara.

Lorena Figuerola

Había recreos que duraban horas, nos daba tiempo a hacer de todo, pero recuerdo que una vez un par de niñas de mi clase llegaron con la novedad de la "Oufia". Cada recreo se escondían en el patio cubierto para "contactar" con el más allá. Un día, cuando participé, pusimos nuestra especie de tablero mal hecho con una hoja arrugada y con un tapón en el suelo. Pusimos los dedos y la portavoz empezó a decir frases rídiculas, frases que sonaban a película, pero, ¿qué íbamos a decir si por la imaginación de un niño pasan mil cosas? En el primer intento nada se movía, pero la segunda vez se movió. Todos pusimos cara de asombro. Lo mejor es que todos sabemos que uno de nosotros era quien lo movía. Pero nos daba igual, era la emoción y las miradas cómplices las que provocaban un intento de creencia hacia nuestra propia patraña y seguir "contactando" con el más allá. ¡Algo había que hacer en los recreos! El criar gusanos entre las librerías ya se nos había hecho monótono.

Laura Arangure

En clase de francés de 1º ESO estábamos leyendo algo sobre un concurso de niños franceses e italianos. Entonces el chaval que estaba sentado detrás de mí me dijo: -Oye, Italia está en Francia ¿no? ¡MADRE MIA! Creo que nunca me rí tanto en mi vida.

Alejandra Soro Altan

Una das más graciosas e más curiosas para min foi cando , estando en 6º EP, tín ganas de ir ao baño e preguntalle a Alfonso: -"Podo ir ao baño?"

-Non! - dixo el.

-Pois mezo nesta esquina- dixen eu mentras ía cara a suposta esquina. E despois, claro está, "Póra de clase".

Tomás Moreira Rodríguez

En los "Rojos y azules" de hace dos años, teníamos que correr hasta el centro del campo con los ojos tapados, pero antes de empezar había que dar tres vueltas sobre sí mismos... Yo me quedé a un cuarto de terminarla.

Arangué y me fui directo contra la portería. Al levantarme, no sabía si estaba llorando o riendo, bueno, el resto del colegio sí que se reía de mí. El detalle, es que día después había niños de primaria que se acordaban de mí por eso. En fin, no fue para tanto.

Sergio Basos

Recuerdo que en mi infancia, exactamente en tres años, una compañera decía que estaba embarazada de algún compañero. A mí me hacía gracia, pues cada día estaba embarazada de alguien. En los recreos hacía como si se encontrase mal y vomitara. Sus mejores amigos la seguían y la cuidaban y la oras, al contrario, nos reíamos de ella, pues nos parecía extraño que sólo estuviera embarazada en los recreos.

Andrea de la Hume

Mis mejores momentos se remontan a cuando tenía cinco años... con Lorena... Nos poníamos detrás de los contendores azules e intentábamos hacer fuego con dos piedras o palos, jajá. En 3º EP quería vengarme de Cristina por algo que me había hecho, entonces me clavé un bolígrafo en la pierna y le dije a la profe que había sido ella.

Pero mis mejores momentos, sin duda, los pasé en 4º ESO ¡este año! Cada vez que Alberto o algún profesor nos manda bajar o bien nos escondemos en el baño o bien corremos y damos toda la vuelta y subimos por las otras escaleras y así venimos cuando baja y volvemos para clase...Esto lo digo ahora porque como el curso ya acaba no hay problema de que ya sepáis nuestro truco!!! Hay muchos momentos perfectos en el cole pero si escribiera todos no acabaría nunca!!

Alba Barreiro Usatorre

Recuerdo que una vez, en cuatro o cinco años de educación infantil, estábamos en clase y unos compañeros me estaban tirando bolas de plastilina, y justo cuando se la tiré yo me vio el profesor y nos castigó a los tres sin ir a clase de gimnasia, que era la siguiente. Era una clase especial porque la profesora había tenido un bebé y lo había llevado. Nos dejaron castigados en clase y me acuerdo de que nos escapamos para verlo. Al volver, nos pillaron y nos castigaron otra vez. Al final, yo acabé llorando y el profesor nos perdonó.

Miriam Bigo

Yo me acuerdo de una vez que iba en el bus y me agarré a las garteras de encima de los asientos y justo el bus frenó y di una voltereta en el aire y me caí al suelo.

Al principio me quede seria pero luego cuando mi compañera vio que estaba bien nos empezamos a reír las dos un montón. Después, me llamaban "la Superman".

Milene Lopez

Lo más divertido que me pasó en este colegio, sin duda, es haber conocido a Susana. Una profesora muy peculiar. Sus historietas increíbles (que todos sabemos que son mentiras) nos hacían las clases mucho más amenas. No nos llevábamos muy bien, pero cada día con ella en el colegio era una verdadera aventura. Pequeña pero matona. Una profesora digna de conocer.

Fanny Dominguez

Me acuerdo de un día que, en el recreo, le fui a dar una patada a un balón y resulta que llevaba una piedra bastante grande dentro. El balón se movió unos centímetros, pero yo casi terminé en el suelo. Me acuerdo que cuando estaba en 5º de primaria teníamos lo del amigo invisible. A mí se me había olvidado llevar el regalo y lo único que se me ocurrió fue coger un libro que me había tocado en la tómbola, envolverlo con un folio y dárselo a mi amigo invisible.

Vianor Canino

Hace dos años, unas compañeras y yo teníamos que presentar el festival. En los recreos lo hacíamos fatal porque, aunque éramos bastante mayorcitas, parecía que no sabíamos ni leer. Llegó el día de presentarlo y lo estábamos haciendo bien ¡hasta que los chicos empezaron a fallar! ¡qué mal lo pasó! Nadie se enteraba de nada y los niños de delante se reían.

Adriana Martín

Hubo momentos buenisimos en estos últimos años, frases extremadamente graciosas, como el típico "¡Ay, la leche!" (traducción simultánea al inglés: "Oh, the milk!") o la variación fonética de la respuesta afirmativa 'sí' por un "se" sosteniendo mucho la letra 'e'. También una frase sacada de mi vocablo, que quedará marcada en la historia de 4º ESO que es "La vida es una tómbola" con la consiguiente aclaración (como decía Martíso, esa mujer que era joven y no sabía muy bien de lo que hablaba, pero después se dio cuenta, de que su afirmación, era errónea). En fin han sido muchos momentos, muchas frases y anécdotas, pero sobre todo... muchos años aguantándonos los unos a los otros. Espero que muchos años duren estos recuerdos.

!!!Muchas gracias a todos!!!

Julio Soro Borges




4º ESO



Ainhoa García



Alba Parreño



Anxo Lago



Sergio Bastos



Lorenza Higuera



Tomás Moreira



Cristina Lago



Miriam Rigo



Alejandra Soto-Alján



Andrea de la Fuente




Adriana Martín



Jose Antonio Coto




María Montes




Pablo Senra



Estefanía Domínguez



Anxo Otero




Jennifer Caride




Maitre López




Lucía Aragunde



Diego de Dios



Arkaitz Caride



Víctor Castro


ESCRIBIMOS UN LIBRO ENTRE TODOS!!

O Día do Libro este ano resultou moi especial no noso cole. Foi o día escollido para presentar a publicación do libro de todos e de todas *Retratando sentimentos*.

Todo o alumnado do colexio escribiu nel. Os pequenos de tres, catro e cinco anos contáronllelo aos seus profes para que eles o escribiran; o resto anotou as súas ocorrencias sobre o tema que se lles propuxo, a familia, os avós, as festas, os amores... Non quedou un só neno sen o seu texto; incluso Lucía, a nena invidente de 1º E.P., escribiu. Houbo que traballar moito para corrixir, para comprobar, para imaxinar, para maquetar e, sobre todo, para motivar aos nenos e as nenas e convencelos de que eles tamén podían ser escritores, de que todos e todas podemos ser escritores porque todos temos algo que contar, algo que dicir, algo que transmitirle ao mundo.

Ese día 23 de abril o colexio abriu as súas portas; os nenos e as nenas leron nas aulas o seu texto acompañados dos pais, as nais ou os familiares que puideron achegarse; outros leron por megafonía. O xornal diario Faro de Vigo acercouse para vivilo con nós e publicouno unhas semanas despois no seu suplemento escolar. As fotos dese día falan da emoción coa que recibiron o libro os alumnos. Os nenos e as nenas levaron o libro para a casa. A Lucía leullo primeiro a súa nai polas noites; despois o ONCE editoullo enteiro en braille e é ela agora que llo le a súa nai.

O noso libro *Retrando sentimentos* foi, cremos, un fermoso agasallo;
porque é de todos e porque foi posible.



“O libro da natureza alcanza todos os anos unha nova tirada”.
Hans C Andersen.

O ano 2008 foi declarado pola Asamblexa Xeral das Nacións Unidas como Ano Internacional do planeta Terra. A Terra, que naceu ao sistema solar hai 4600 millóns de anos ten por fin UN ANIÑO dedicado a ela.

Temos moi estragado o planeta e necesitamos concienciarnos para que o proceso se deteña. Non somos a primeira especie capaz de provocar un cambio no planeta. Hai 3000 millóns de anos un seres moi parecidos aos que forman as babas verdes das charcas modificaron a atmosfera. Foi para ben: formaron o osíxeno que permitiu a nosa existencia.

Nós pola contra estamos modificando a atmosfera para destruírnos.

Precisamos sensibilizar a sociedade sobre o medio ambiente e a súa conservación: no colexio profesores e profesoras, pais e nais, alumnos e alumnas.

Os camiños emprendidos son varios: loitar pola PAZ, protexer a infancia, utilizar o transporte público, respectar as normas, aprender a traballar de xeito cooperativo, traballar a terra, aprender a cociñar e valorar os produtos naturais, celebrar a natureza, investigar e respectar o contorno, compartir coñecementos, coñecer a practicar xeitos de vida tradicionais, utilizar a ciencia para atopar recursos e enerxías alternativos, promover actividades que eviten o sedentarismo a través do deporte e o coñecemento do noso corpo, alimentarse de xeito responsable e moderado, compartir mediante manifestacións culturais ideas e sentimentos... De todo isto hai mostras na nosa revista.

“A Terra non é un planeta calquera.” É o noso fogar. Debemos tomar conciencia de que a nosa acción xa foi letal para moitas especies.


É de suma importancia que modifiquemos a nosa conduta.

Desexámoslles a todos os nosos alumnos e as súas familias unhas felices vacacións de verán.

Aquí está a túa montaña..... Aquí a auga doce que necesitas!

Aquí está o teu bosque.....Aquí está a túa familia.

Aquí está a túa praiaAquí está o teu fogar.



PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal 15/99, o Colexio Alborada comunícalle que os datos de carácter persoal recollidos nesta revista foron incorporados e tratados automaticamente nos nosos ficheiros, coa única finalidade de incluílos nesta publicación do Colexio. Vostede poderá en calquera momento exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na lexislación vixente.

O responsable do tratamento é o Colexio Alborada, con domicilio social en Avda. Aeroporto nº 392, Vigo, C.P. 36317, Pontevedra.

É increíble que a natureza pida a berros axuda,
pero máis increíble é que ninguén a escoite.

Esta publicación está dedicada a Lioba

